



O meu aniversario: Oh! O meu despertador acaba de soar. Hoxe fago oito anos, estou de aniversario e téñenme prometido ir ao parque de atraccións! Que ledicia. Mágoa que meu irmán ten que ir ao médico; eu quero que se poña ben para xogarmos xuntos.

Érgome e vístome axiña, quero marchar xa. Preparo o meu almorzo nun clic co micro, vístome, e xa me poño preto da porta co meu anorak ultra-lixeiro. Xa estamos todos, corremos a coller o tren, vai súper rápido e case non fai ruído, canto me gusta; non digo nada para que non poidan pensar que isto xa é o meu agasallo.

Imos primeiro ao hospital. A médica déixanos ver unha fotografía moi rara do meu irmán por dentro. Aínda que eu non vexo nada do que ela está a dicir, meus pais están moi contentos: vaise recuperar moi pronto!!

Estou que rebento de alegría. Corremos de novo para chegar ás atraccións e subimos á nova deste ano, un foguete que dá talmente a sensación de ir nunha nave espacial. Meu irmán e mais eu temos a risa parva: que medo e canto nos está a gustar.

O mundo da ciencia: E agora preguntarasme, non ías falar de ciencia? Claro que si, ou como pensas ti que se acadaron na historia todas esas pequenas cousas que tanto che gustan? A precisión dos reloxos, o funcionamento dos microondas, a obtención de novos tecidos, os sistemas de transporte cómodos, seguros e rápidos, os trebellos que viches no hospital que mesmo parecía que estabas xa nunha nave espacial, ou o foguete da atracción son só un pequeno reflexo do que os científicos e científicas ao longo de moitas xeracións fixeron por todos nós. Realmente se te fixas son o resultado de cuestións moi simples como: E se puidese voar? E ver o meu interior sen facerme unha ferida? Cada unha delas responden a un soño, a unha ilusión, ou a unha necesidade. Parecen sinxelas pero piden respostas moi complexas: requiren facer encaixar coma nun crebacabezas unha miríade de pequenas ideas, experimentos, demostracións e validacións que levan a avances e a fracasos – que tamén os hai –, e que son tan importantes coma os éxitos. Cada peza deste crebacabezas é, en si mesma, un gran desafío no camiño que precisa da achega de investigadores de moitas áreas: física, matemáticas, química, enxeñaría, bioloxía, medicina... e resulta ser unha suma de anacos de coñecemento desenvolvidos ao longo de séculos e, o que é máis difícil, cada peza debe servir para encaixar con outras, e pegalas ben é toda unha arte.

Así que xa sabes: construír ciencia é poñer a lupa sobre o que xa se coñece, identificar o aplicable ao noso soño, e intentar completar as pezas que faltan do crebacabezas con novas ideas que, como non, deben ser verificadas; trátase dun proceso creativo que require paixón ante os desafíos e moito traballo. Non esquezas que todo este coñecemento científico pódolo atopar nos libros ben ordenados destas bibliotecas, sempre boas compañeiras.

Da ciencia depende o futuro do noso planeta e o benestar de todos os seres que o habitan. Coida da ciencia, coida do planeta, coida do teu futuro: é a túa achega, é a nosa obriga.

Peregrina Quintela Estévez

Matemática. Premio María Josefa Wonenburger Planells 2016

Novembro 2017